



## EMENDA DE ADICIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LIMPEZA E RECOLLIDADE LIXO NA CIDADE HISTÓRICA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE ADICIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LIMPEZA E RECOLLIDADE LIXO NA CIDADE HISTÓRICA, de data 13 de abril de 2016.

Propónse unha adición no texto resolutivo, de xeito que a redacción final resultante sería a seguinte:

### ACORDO

*O Concello de Santiago de Compostela velará para que:*

- 1. Se realice un correcto uso dos colectores de lixo da Cidade Histórica e para evitar que se depositen bolsas e caixas con botellas fóra dos mesmos.*
- 2. No procedemento que se siga para a nova concesión do servizo de limpeza e recollida de lixo, tendo en conta que a actual foi prorrogado este mesmo mes ata o ano vindeiro, se considere a posibilidade de optimizar o servizo na Cidade Histórica, cunha mellora da xestión e a implantación progresiva da recollida selectiva neste ámbito.*

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Asdo.: Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela